



FERVENZAS DO XESTOSA

Adela Leiro, Mon Daporta
abril 2019



Distancia: desde Oourol: 8 km
desde Muras: 13 km
A pé: 2 km

Dificultade: baixa

O río Landro nace entre o cume do Xistral e o Coto Balsego, onde recolle augas dos tremoais da serra do Xistral. Moitos dos seus afluentes baixan por vales encaixados con pozas e saltos. O Río da Xestosa ou de Xanceda é un destes afluentes que drena o concello de Muras, entre as serras do Guriscado e a Gañidoira para xuntarse co Landro en Xerdiz, en terra de Oourol. Cando abandona o concello de Muras ten que atravesar unha zona de rochas resistentes que o obrigan a dar varias voltas e a botarse por distintos desniveis, o máis grande de 20 m, no que forma unha fermosa ferverza.

COMO CHEGAR


1-A Xestosa

Subindo desde Oourol, collendo un desvío sinalizado e despois de pasar por debaixo da estrada virar á dereita para seguir pola estrada vella 1,5 km, ata que, pasado o desvío a Xerdiz e o Viveiró, vexamos, á esquerda un punto no que falta un anaco do quitamedos da estrada que ten un sinal, orientado no sentido contrario o da nosa marcha, indicador da baixada á ferverza. Desde ese punto sae un carreiro que baixando por entre os piñeiros nos leva ao pé da caída.

2-A Gañidoira (Corralvello)

De volta na estrada seguimos cara adiante ata incorporarnos á estrada nova na que 1,5 km adiante temos un desvío á dereita, a Leganitos, no que inmediatamente atopamos unha ponte que cruza o río. Por debaixo desa ponte temos outro salto, unha escorregadoira non moi alta pero merecente dunha visita, ao que podemos achegarnos por un carreiro que sae na metade da curva que hai despois da ponte. Entre a escorregadoira e a ferverza hai varios rápidos e pequenos saltos pero non é nada doado achegarse a eles.

Baixando desde Muras temos que coller o desvío á esquerda, a Leganitos, e seguir ata case volver á estrada principal onde temos a escorregadoira e despois de incorporarnos á estrada principal, ao pouco de pasar a ponte un desvío á dereita que baixa á estrada vella, nela collemos á esquerda e xa estamos ao pé da baixada á ferverza.





A Xestosa (1)



A Gañidoira